



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 28 de mayo de 2019

LA UNED DE A CORUÑA Y LA XUNTA DE GALICIA FIRMAN UN CONVENIO DESTINADO A IMPULSAR ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURALES Y FORMATIVAS A TRAVÉS DE LA UNED SÉNIOR

El pasado viernes 24 de mayo tuvo lugar la firma oficial en San Caetano entre D^a. Fabiola García, conselleira de Política Social, y D. Germán Carro, director del Centro Asociado de A Coruña

La Conselleira de Política Social, D^a Fabiola García y el director del Centro UNED A Coruña, D. Germán Carro Fernández, firmaron en la mañana del 24 de mayo un convenio destinado a la financiación del programa de la UNED Sénior de A Coruña. También estuvo presente D. Ildefonso de la Campa Montenegro, director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade de la Xunta de Galicia.

La firma de este importante convenio se formalizó en las dependencias administrativas de San Caetano, sede del Gobierno gallego. Este acuerdo entre ambas entidades supone un apoyo para el desarrollo del programa Sénior de la UNED en las zonas rurales de A Coruña.

Durante la reunión, Fabiola García se interesó por las actividades realizadas por el alumnado más veterano del Centro, subrayando la importancia del programa Sénior a la hora de acercar la Universidad a los entornos rurales, zonas donde no tiene habitualmente presencia, facilitando así el acceso a la formación de las personas mayores de una manera activa y participativa. La Conselleira de Política Social destacó esta colaboración de la Xunta de Galicia con la UNED de A Coruña que [permitirá impulsar actividades educativas, culturales y formativas para las personas mayores](#)

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

.✉ comunicacion@a-coruna.uned.es ☎ 981 145051

incentivando el conocimiento y la cultura tanto del alumnado Sénior como de la sociedad en general a través de las experiencias adquiridas en el programa.

Germán Carro Fernández destacó la importancia del programa Sénior de la UNED de A Coruña que, más allá de la formación del alumnado más veterano **ha logrado ser un referente de dinamización social y cultural del entorno rural**. Prueba de ello es la **expansión** que ha tenido el programa en los últimos años por diferentes zonas de la provincia, siendo ya [12 los ayuntamientos coruñeses del ámbito rural](#) en los que tiene presencia la UNED Sénior.

El director del Centro de A Coruña también destacó la labor, la dedicación y el excelente trabajo realizado por el coordinador del programa UNED Sénior de A Coruña, Luis A. Rodríguez Patiño, así como de los responsables de zona, principales dinamizadores del programa.

Este importante acuerdo entre la Xunta de Galicia y el Centro UNED de A Coruña supone una **garantía de continuidad para la formación del alumnado mayor de 55 años** que, cada vez más, demanda una formación actualizada y [adaptada a sus inquietudes e intereses culturales](#).





Imagen: D^a. Fabiola García, conselleira de Política Social y D. Germán Carro, director del Centro Asociado UNED de A Coruña. Durante la firma también estuvo presente D. Ildefonso de la Campa Montenegro, director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade de la Xunta de Galicia.

Más información en: <http://www.acoruna.uned.es/> y Secretaría UNED A Coruña (981 14 50 51 | info@a-coruna.uned.es)



Centro Universitario-UNED A Coruña

Educación, 3, 15011

Teléfono: 981 14 50 51

NOTA DE PRENSA

A Coruña, 28 de maio de 2019

A UNED DA CORUÑA E A XUNTA DE GALICIA ASINAN UN CONVENIO DESTINADO A IMPULSAR ACTIVIDADES EDUCATIVAS, CULTURAIS E FORMATIVAS A TRAVÉS DA UNED SÉNIOR

O pasado venres 24 de maio tivo lugar a firma oficial entre D^a. Fabiola García, conselleira de Política Social, e D. Germán Carro, director do Centro Asociado da Coruña.

A Conselleira de Política Social, D^a Fabiola García e o director do Centro UNED A Coruña, D. Germán Carro Fernández, asinaron na mañá do 24 de maio un convenio destinado ao financiamento do programa da UNED Sénior da Coruña. Tamén estivo presente D. Ildfonso de la Campa Montenegro, director Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade da Xunta de Galicia.

A sinatura deste importante convenio formalizouse nas dependencias administrativas de San Caetano, sede do Goberno galego. Este acordo entre ambas as entidades supón un apoio para o desenvolvemento do programa Sénior da UNED nas zonas rurais da Coruña

Durante a reunión, Fabiola García interesouse polas actividades realizadas polo alumnado máis veterano do Centro, subliñando a importancia do programa Sénior á hora de achegar a Universidade ás contornas rurais, zonas onde non ten habitualmente presenza, facilitando así o acceso á formación das persoas maiores dunha maneira activa e participativa. A Conselleira de Política Social destacou esta colaboración da Xunta de Galicia coa UNED da Coruña que permitirá impulsar actividades educativas, culturais e formativas para as persoas maiores incentivando o

Datos de contacto: Comunicación Centro UNED A Coruña

.✉ comunicacion@a-coruna.uned.es ☎ 981 145051

coñecemento e a cultura tanto do alumnado Sénior como da sociedade en xeral a través das experiencias adquiridas no programa.

Germán Carro Fernández destacou a importancia do programa Sénior da UNED da Coruña que, máis aló da formación do alumnado máis veterano **logrou ser un referente de dinamización social e cultural da contorna rural**. Proba diso é a expansión que tivo o programa nos últimos anos por diferentes zonas da provincia, sendo xa **12 os concellos coruñeses do ámbito rural** nos que ten presenza a UNED Sénior.

O director do Centro da Coruña tamén destacou o labor, a dedicación e o excelente traballo realizado polo coordinador do programa UNED Sénior da Coruña, Luís A. Rodríguez Patiño, así como dos responsables de zona, principais dinamizadores do programa.

Este importante acordo entre a Xunta de Galicia e o Centro UNED da Coruña supón **unha garantía de continuidade para a formación do alumnado maior de 55 anos** que, cada vez máis, demanda unha formación actualizada e **adaptada ás súas inquietudes e intereses culturais**.

Máis información en: <http://www.acoruna.uned.es/> e Secretaría UNED A Coruña (981 14 50 51 | info@a-coruna.uned.es)